

Concerto

O VIOLÍN RESTAURADO DE ANDRÉS GAOS

Romanza para Violín e Piano, op. 20

Sonata para Violín e Piano, op. 37

Allegro con Brio
Adagio
Allegro Moderato

Ano
Gaos
2019

)G(



Organiza



Colaboran



Ano
Gaos
2019


)G(

O VIOLÍN RESTAURADO DE ANDRÉS GAOS

FLORIAN VLASHI, *violín*
JULIO MOURENZA, *piano*

Luns, 1 abril 2019 • 19,00h
Consello da Cultura Galega





A escusa do Ano Gaos que celebramos non é outra que a de poñer en valor a vida e a obra dun dos grandes compositores galegos do século pasado, nun ano, o 2019, no que se conmemoran os 60 anos do seu falecemento; é tamén unha homenaxe á súa familia –especialmente ao seu fillo, Andrés Gaos Guillochón–, que honrou a cidade de Santiago e a Universidade de Santiago coa doazón do fondo do seu pai que celosamente ordenou e catalogou ata a súa morte. O Consello da Cultura Galega comprácese en colaborar coa Universidade de Santiago de Compostela, impulsora da conmemoración, neste acto de homenaxe, reivindicación e memoria.

O fondo Gaos atesoura un inxente material novo: partituras, borradores, correspondencia, críticas, programas, fotografías, dedicatorias e dous violíns que Gaos usou, un dos cales escoitaremos hoxe en rigorosa estrea tras a súa restauración, e que se suman aos dous violíns depositados no Concello da Coruña. Todos eles se volverán atopar na exposición “O Universo musical de Andrés Gaos (1874-1959)”, que mañá se inaugura no Colexio de Fonseca.

O violín que hoxe tocará Florian Vlashi é un modelo alemán de finais do século XVIII da contorna da escola de Mittenwald e que revela a influencia dos modelos da familia Klotz. Atopábase moi deteriorado polo paso do tempo e a falta de mantemento, polo que se procedeu á súa restauración, propiciada pola Universidade de Santiago de Compostela en colaboración co Consello da Cultura Galega. O violín foi entregado ao luthier Xosé Catoira hai un ano, quen levou adiante un proceso integral de rehabilitación seguindo as correntes e técnicas máis avanzadas neste campo. O proceso tivo un obxectivo claro, realizar unha intervención absolutamente respectuosa co instrumento orixinal co fin de devolver o violín ao estado en que debeu tocalo Andrés Gaos a finais do século XIX, levando a cabo as actuacións necesarias para que poida volver a soar nas salas de concertos actuais. Esta será a primeira vez que o violín se escoite logo de décadas de silencio, polo que nos atopamos ante unha oportunidade única de sentir os acordes, tal e como os interpretou no seu día Andrés Gaos.

Andrés GAOS



Andrés Gaos Berea naceu na Coruña o 21 de marzo de 1874, onde o seu tío e padriño, Canuto Berea Rodríguez, rexentaba un prestixioso almacén de música que subministrou durante moitos anos instrumentos, materiais e partituras a toda Galicia, e mesmo chegou a abrir sucursais noutras capitais. Precisamente a familia Gaos trasladouse a Vigo en 1880 para facerse cargo da nova sucursal. Formado o pequeno Andrés musicalmente en Vigo e A Coruña, foi cursar estudos superiores de violín a Madrid e a Bruxelas con bolsas da Deputación da Coruña. Logo de xiras por toda Europa e América, casou coa gran violinista América Montenegro, asentouse en Bos Aires, desde onde, ademais da súa dedicación como docente, realizou xiras internacionais con notable éxito. Residiu breves etapas en Francia, tras o seu segundo matrimonio con Luisa Guillochón, e instalouse

definitivamente na capital bonaerense. A vida musical de Andrés Gaos repartíuse entre a actividade de concertista, a compositiva e a docente.

Chegou a ser considerado un dos representantes de meirande prestixio da escola nacionalista arxentina, xunto con Alberto Williams, López Buchardo ou Julián Aguirre, entre outros, ata o punto de ser elixido para representar a Arxentina, como director de repertorio, na Exposición Internacional de París de 1937.

O seu catálogo, con máis de 70 obras, abrangue música para a escena, orquestral, música de cámara co violín como protagonista, para canto e piano. Ademais, contén unha interesante serie de composicións para piano só, instrumento que chegou a tocar con gran perfección. Andrés Gaos é, sen dúbida, un dos grandes compositores galegos do século pasado, cun tratamento posromántico de temas propios ou tomados da música popular galega, española ou arxentina; ou ben con ecos de autores da escola francesa de fins do XIX. Nos seus traballos salienta a grande habilidade para reflectir unha “patria” como homenaxe aos países onde viviu e traballou.

Florian Vlashi, *violín*



Naceu en Durres (Albania) en 1963. Estudou con V. Papa, R. Stefi e I. Madhi. En 1989 gañou o Primeiro Premio no Concurso de Solistas e de Orquestras Sinfónicas de Albania. Desde 1992 é membro da Orquestra Sinfónica de Galicia. En 1999 saíu ao mercado o seu CD *Andrés Gaos - Integral para violín e piano*. Desde 1996 é creador e director do Grupo Instrumental SÉCULO XX, que está integrado por solistas da Orquestra Sinfónica de Galicia. Conta cun repertorio de máis de 200 obras e estreou ata a data 144 obras de autores na maior parte españois, algunhas encargo do propio grupo. Florian Vlashi toca un violín francés do século XVIII de J. Bocquay.

Julio Mourenza, *piano*



(A Coruña, 1969). Iniciou os seus estudos con Natalia Lamas na Coruña. Ampliou a súa formación na Musik Akademie der Stadt Basel, de Basilea (Suíza) e na Academia Franz Liszt de Budapest. Actuou en prestixiosas salas de España, Suíza, Holanda e Hungría. Realizou a estrea absoluta e a gravación da *Sonata para violoncelo e piano 'Diálogos'*, de Rogelio Groba y Groba, e a estrea da obra pianística de José Arriola (1895-1954), por encargo do Consello da Cultura Galega. Na actualidade é catedrático de Piano do Conservatorio Superior de Música da Coruña.